



## Teaching Guide

Identifying Data					2022/23
<b>Subject (*)</b>	Foundations of Physical Education in Today's Society		<b>Code</b>	652G02031	
<b>Study programme</b>	Grao en Educación Primaria				
Descriptors					
<b>Cycle</b>	<b>Period</b>	<b>Year</b>	<b>Type</b>	<b>Credits</b>	
Graduate	2nd four-month period	Third	Obligatory	6	
<b>Language</b>	SpanishGalician				
<b>Teaching method</b>	Face-to-face				
<b>Prerequisites</b>					
<b>Department</b>	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
<b>Coordinador</b>	Carretero García, Miriam		<b>E-mail</b>	miriam.carretero@udc.es	
<b>Lecturers</b>	Carretero García, Miriam Gonçalves López, María Paz		<b>E-mail</b>	miriam.carretero@udc.es paz.goncalves@udc.es	
<b>Web</b>					
<b>General description</b>	<p>Nesta materia sitúase a Educación Física no contexto socioeducativo xeneral e repásanse aqueles contidos que, pola súa capacidade de adaptación ás necesidades dos alumnos e as súas familias, así como de resposta ás problemáticas sociais emerxentes, configuran os elementos centrais da Educación Física actual.</p> <p>Os Mestres en Educación Primaria deben coñecer aspectos básicos sobre a actividade físico-deportiva, como o desenvolvemento das habilidades motrices e das calidades físicas básicas, a relación entre a actividade física e a saúde, así como o desenvolvemento de estratexias para fomentar entre os seus alumnos estilos de vida activos. De igual forma, deben ser capaces de canalizar as súas propostas a través de metodoloxías lúdicas e participativas, que impliquen ao alumno e lle permitan aprender a través do gozar e a iniciativa persoal.</p> <p>Estas competencias representan unha das claves do coñecemento da motricidade para un Mestre en Educación Primaria, nun dobre sentido. Por unha banda, é necesario saber que requirimentos son necesarios para contribuir ao desenvolvemento motor equilibrado dos alumnos e tamén que estímulos están contraindicados para determinadas idades, niveis madurativos e de desenvolvemento. Doutra banda, un Mestre en Educación Primaria debe saber identificar os distintos elementos que interveñen nas actividades que propón, independentemente da natureza das mesmas (lúdicas, expresivas, deportivas, etc.) para garantir que as esixencias motrices que expón aos seus alumnos axústanse ás súas posibilidades.</p> <p>Non se trata unicamente de adquirir coñecementos específicos sobre actividade física, senón de situalos no noso contexto socioeducativo e darlles un tratamento metodolóxico coherente coas formulacións pedagóxicas da etapa de Educación Primaria. Na devandita etapa preséntanse a saúde e a educación do lecer como referencias imprescindibles para comprender o enfoque desde o que se desenvolve a Educación Física na actualidade.</p> <p>A materia ?Fundamentos da Educación Física na Sociedade Actual? atópase incluída no grupo das materias obrigatorias, segundo o actual Plan de Estudos. O número de créditos que ten asignados é 6.</p>				

## Study programme competences

Code	Study programme competences
A57	Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde a educación física.
A58	Coñecer o currículo escolar da educación física.
A59	Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades deportivas dentro e fóra da escola.
A60	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B11	Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.



B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Situar a materia de Educación Física no contexto socioeducativo da Educación Primaria.	A57	B3 B15	
Asumir a importancia da Educación Física na formación integral dos alumnos de Educación Primaria.	A57	B3	
Coñecer os aspectos cualitativos (habilidades motrices) e cuantitativos (calidades físicas) que determinan a práctica de actividade física en idade escolar.	A58 A59	B15 B23	
Capacidade de comprender e aplicar as nocións básicas sobre actividade física saudable a contextos de Educación Primaria.	A57 A59	B1 B2 B6 B15	C8
Ser capaz de identificar recursos e estratexias para a promoción de estilos de vida activos en distintos contextos.	A57 A59	B1 B2 B3 B14	C1 C8
Capacidade de deseñar, xustificar, aplicar e avaliar propostas para traballar aspectos concretos do currículo de Educación Física.	A58 A59 A60	B1 B2 B5 B11 B14 B15 B21 B22 B24 B25	C3 C7



Capacidade de analizar o contido de diversas sesións de Educación Física e de valorar críticamente a súa adecuación aos ciclos da Educación Primaria.	A58 A60	B2 B5 B15 B21	C7
---	------------	------------------------	----

Contents	
Topic	Sub-topic
1. A Educación Física no contexto socioeducativo actual.	.
2. Aprendizaxe e desenvolvemento motor en idade escolar	.
2. Acondicionamiento físico en idade escolar	.
4. Nocións básicas sobre actividade física saudable.	.
5. Propostas didácticas integrais.	.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student's personal work hours	Total hours
Document analysis	A58 B5 B15	5	15	20
Supervised projects	A58 A59 A60 B1 B5 B6 B14 B21 B22 B23 C8	2	24	26
Oral presentation	B2 B11 B24 B25 C1 C3	2	8	10
Physical exercise	A57 A58 A59 A60 B1 B2 B5 B14 B22 B24 C7	15	0	15
Guest lecture / keynote speech	A57 A58 A59 A60 C7 C8	10	10	20
Short answer questions	A58 A59 A60 B1 B5 B6 B23 C1	3	18	21
Field trip	A57 A58 A59 B1 B2	5	5	10
Collaborative learning	A58 A59 B1 B5 B6 B22	5	20	25
Introductory activities	B3 C1	1	0	1
Personalized attention		2	0	2

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Document analysis	Utilizaranse diversos documentos audiovisuais e bibliográficos relevantes para a temática da materia e que co seu análise aportarán coñecementos e contribuirán o desenvolvemento das competencias marcadas para a mesma.
Supervised projects	Realizarase un traballo de aplicación dos contidos desenvolvidos en clase. Nel deberá programarse e xustificarse unha proposta docente na que se desenvolvan aspectos concretos do currículo de Educación Física, segundo os principios vistos en clase. O traballo realizarase en grupos.  As profesoras especificarán con antelación os requisitos formais de presentación dos traballos. O cumprimento dos devanditos requisitos é imprescindible para que os traballos sexan aceptados.
Oral presentation	Exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, expondo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Physical exercise	O alumnado poñerá en práctica sesións de Educación Física deseñadas por eles mesmos para diferentes cursos de Educación Primaria e os compañeiros e compañeras realizarán as prácticas correspondentes ás devanditas sesións.



Guest lecture / keynote speech	Exposición oral por parte das profesoras, dos Fundamentos da Educación Física na Sociedade actual. Isto complementarase con infografías e vídeos, ao tempo que se buscará a implicación do alumnado a través das preguntas e o debate, de forma que se favoreza a reflexión e o pensamento crítico.
Short answer questions	Ao longo do curso iranse expondo aos alumnos diversas probas ou traballos breves de aula para comprobar o seguimento dos contidos da materia. As probas poderanse facer individualmente ou en pequenos grupos. O resultado deste apartado da avaliación é a media das cualificacións obtidas nas probas realizadas durante o curso.
Field trip	Actividades desenvolvidas en espazos distintos ao contorno académico universitario habitual (espazos de espacial interese natural e/ou patrimonial para a realización de actividade física de forma interdisciplinar) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de propostas didácticas, a valoración de riscos e impacto ambiental de actividades realizadas con grupo de alumnos, etc.
Collaborative learning	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Introductory activities	Actividades que se realizarán ao inicio da materia a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado en relación á Educación Física escolar, coñecer cales son as súas experiencias previas coa mesma e así poder partir dun punto que permita favorecer a aprendizaxe significativa.

## Personalized attention

Methodologies	Description
---------------	-------------



<p>Supervised projects</p> <p>Physical exercise</p> <p>Short answer questions</p>	<p>Nas probas de resposta breve atenderanse tódalas dúbidas individuais ou grupais dos contidos da materia.</p> <p>Aprendizaxe colaborativa: durante a realización destes traballos o profesorado atenderáse a todas as dúbidas que poidan xurdir a través das canles habilitadas para este efecto, potenciando na medida do posible, o traballo autónomo do alumnado.</p> <p>No caso de que o alumnado imparta sesións prácticas, solicitará á revisión das mesmas antes da súa posta en práctica. A profesora realizará as suxestións que considere necesarias para a mellora das mesmas e realizará observacións a cada un dos alumnos/as sobre a forma de pór en práctica as distintas actividades. Ao final de clase, poranse en común co resto do grupo aqueles aspectos salientables relacionados coa docencia que xurdisen no desenvolvemento da sesión.</p> <p>No caso dos traballos tutelados, os alumnos poden solicitar titorías grupais para revisar o traballo. A profesora poderá realizar suxestións ou solicitar modificacións, que deberán ser aprobadas antes da entrega definitiva.</p> <p>A atención personalizada realizarase a través das seguintes canles, tendo o alumno a posibilidade de seleccionar cales deles quere empregar, en función das súas necesidades e posibilidades de comunicación: titorías presenciais ou en directo a través da área de traballo ?Teams? da UDC, mediante videoconferencia, conexión de audio ou chat; a través do correo electrónico institucional; a través dos chats e foros dispoñibles en Moodle.</p> <p>Nesta materia non se admite dispensa académica de exención de asistencia salvo no caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC" - Aprobada polo Consello Social do 04/05/2017-. Para aquelas actividades que non poida realizar por non asistir a clase, deberá acudir ás revisións das mesmas co profesorado para poder desenvolverlas.</p> <p>O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia poderá solicitar as titorías que precise para o seguimento da materia. Así mesmo terá a súa disposición todo o material teórico no campus virtual da materia.</p>
---	--

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Supervised projects	A58 A59 A60 B1 B5 B6 B14 B21 B22 B23 C8	<p>Realizarase un traballo de aplicación dos contidos desenvolvidos en clase. Nel deberá programarse e xustificarse unha proposta docente na que se desenvolvan aspectos concretos do currículo de Educación Física, segundo os principios vistos en clase. O traballo realizarase de forma grupal.</p> <p>O profesorado especificará con antelación os requisitos formais de presentación dos traballos. O cumprimento dos devanditos requisitos é imprescindible para que os traballos sexan aceptados.</p>	50
Short answer questions	A58 A59 A60 B1 B5 B6 B23 C1	Realizaranse pequenas probas ou traballos breves de aula ao longo do curso. As probas poderanse facer individualmente ou en pequenos grupos. O resultado deste apartado da avaliación é a media das cualificacións obtidas nas probas realizadas durante o curso.	50
Others			



## Assessment comments

Primeira oportunidade: Para acceder á avaliación descrita anteriormente, será obrigatoria a participación no 80% das horas presenciais da materia. É necesario superar unha puntuación mínima nos distintos apartados da avaliación para que fagan media entre eles.

Segunda oportunidade: Ao alumnado participase nun 80% das horas presenciais na primeira oportunidade, conservaráselle as cualificacións que alcanzasen a puntuación mínima sinalada polo profesorado. Terá que repetir as partes da avaliación nas que non alcanzase ese mínimo.

O alumnado que non participe no 80% das horas presenciais da materia (xa sexan alumnos a tempo parcial, con dispensa académica de exención de asistencia ou por outros motivos), ten á súa disposición un modelo de avaliación alternativo, que será o mesmo para ambas as oportunidades: proba mixta (100%), realizada na data marcada oficialmente pola Universidade da Coruña e na que se deberá demostrar o dominio dos contidos teórico-prácticos da materia. A proba mixta terá dúas partes e será preciso aprobar ambas para facer media e superar a materia. No caso de aprobar tan só unha parte a nota non se gardará para a segunda oportunidade.

En ambas oportunidades a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

NOTA: as metodoloxías de ?Práctica de actividade física? e ?Saídas de campo? están suxeitas á posibilidade de garantir as medidas de seguridade dos participantes. Aínda no caso de non aplicarse o plan de continxencia, se non se dan as condicións de seguridade adecuadas, estas metodoloxías poderán substituírse por sesións de aula ou mesmo virtuais (o desenvolvemento das competencias ligadas a estas metodoloxías incorporariáanse ás metodoloxías ?Aprendizaxe colaborativa?, ?Sesión maxistral?, ?Presentación oral?, ?Traballos tutelados?, ?Probas de resposta breve?).

## Sources of information



Basic

- Hueso, K. (2019). Jugar al aire libre: el juego como la mejor herramienta de desarrollo intelectual , físico y emocional. Barcelona: Plataforma editorial

Esta bibliografía é orientativa e poderá ser ampliada polo profesorado ao comezo da materia. Añó, V. (1997). Planificación y organización del entrenamiento juvenil. Madrid:Gymnos. Capdevilla, L. (2005). Actividad física y estilo de vida saludable. Girona: Documenta Universitaria. Casajús, A., Leiva, M. T., Ferrando, J. A., y otros. (2006). Relación entre la condición física cardiovascular y la distribución de grasa en niños y adolescentes. *Apuntes Medicina del deporte* (149), 7-14. Cornell, J. (2018). *Compartir la Naturaleza*. La Travesía: Sevilla. Cuenca, M. (2006). *Aproximación multidisciplinar a los estudios de ocio*. Bilbao: Universidad de Deusto. Del Villar, F. (2009). La calidad del aprendizaje en Educación Física. *Una propuesta para la Educación Secundaria*. Tándem. *Didáctica de la Educación Física*, -(29), 64-77. Delgado, M., Guitiérrez, A., y Castillo, M. J. (1997). *Entrenamiento físico-deportivo y alimentación: de la infancia a la edad adulta*. Barcelona: Paidotribo. Delgado, M., y Tercedor, P. (2002). *Estrategias de intervención en educación para la salud desde la Educación Física*. Barcelona: INDE. Devís, J. (2000). *Actividad física, deporte y salud*. Barcelona: INDE. Estrada, J. (2001). *Orientaciones para mejorar la programación de la acondicionamiento físico en el ámbito de la Educación Física*. Ponencia presentada en el XIX Congreso Nacional de Educación Física, Murcia. Fraile, A. (2004). *Didáctica de la Educación Física. Una perspectiva transversal*. Madrid: Biblioteca Nueva. Fraile, A. (2011). *El aprendizaje motor: punto de encuentro de la educación integral*. Tándem. *Didáctica de la Educación Física*, -(36), 5-6. Fröhner, G. (2003). *Esfuerzo físico y entrenamiento en niños y jóvenes*. Barcelona: Paidotribo. García, M. (2006). *Posmodernidad y deporte: entre la individualización y la masificación*. Encuesta sobre hábitos deportivos de los españoles. Madrid: CIS. Gerbaux, M., y Berthoin, S. (2004). *Aptitud y entrenamiento aeróbico en la infancia y la adolescencia*. Barcelona: INDE. Green, K. (2010). *Key themes in youth sport*. Nueva York: Routledge. Gudrum, F. (2003). *Esfuerzo físico y entrenamiento en niños y jóvenes*. Barcelona: Paidotribo. Hahn, E. (1988). *Entrenamiento con niños*. Barcelona: Martínez Roca. Hanscom, A. (2016). *Balanced and barefoot : how unrestricted outdoor play makes for strong, confident, and capable children*. New Harbinger Publications. Hohmann, A., Lames, M., y Letzelter, M. (2005). *Introducción a las ciencias del entrenamiento*. Barcelona: Paidotribo. Honoré, C. (2006). *Elogio de la lentitud*. Barcelona: RBA. Honoré, C. (2008). *Bajo presión. Como educar a nuestros hijos en un mundo hiperexigente*. Barcelona: RBA. Horst, R., y Weineck, J. (2004). *Entrenamiento y práctica deportiva escolar*. Barcelona: Paidotribo. Hueso, K (2017). *Somos naturaleza*. Barcelona: Plataforma Editorial. Hueso, K (2019). *Jugar al aire libre*. Barcelona: Plataforma Editorial. Hueso, K. (2021). *Educación en la naturaleza*. Barcelona: Plataforma Editorial. Jiménez, A., y Montil, M. (2006). *Determinantes de la práctica de actividad física*. Madrid: Dykinson. Kirk, D. (2010). *Physical Education futures*. London: Routledge. Kirk, D., Macdonald, D., y O'Sullivan, M. (2006). *Handbook of physical education*. Londres: Sage. Laker, A. (2003). *The future of physical education. Building a new pedagogy*. Nueva York: Routledge. Larraz, A. (2009). *¿Qué aprendizajes de educación física debería tener el alumnado al finalizar sexto curso de primaria?* *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, -(29), 45-63. Latorre, P., y Herrador, J. (2003). *Prescripción del ejercicio físico para la salud en edad escolar*. Barcelona: Paidotribo. López, S. (2018). *Esencia : diseño de espacios educativos : aprendizaje y creatividad*. Ediciones Khaf. López Pastor, V. M.; Pedraza González, M. A.; Ruano Herranz, C. y Sáez Laguna, J. (Coords.) (2017). *Educación Física y Dominios de Acción Motriz: unidades didácticas*. Miño y Dávila. López Pastor, V. M. (Coord. . (2016). *Programar por dominios de acción motriz en educación física*. Miño y Dávila. López Pastor, V. M. (Coord. . (2006). *La evaluación en educación física: revisión de los modelos tradicionales y planteamiento de una alternativa : la evaluación formativa y compartida*. Miño y Dávila. López, P. A. (2000). *Ejercicios desaconsejados en la actividad física*. Barcelona: INDE. López, P. A. (2002). *Mitos y falsas creencias en la práctica deportiva*. Barcelona: INDE. Marés, R. (2009). *Estiramientos*. Barcelona: Hispano-Europea. Marés, R. (2009). *Estiramientos*. Barcelona: Hispano-Europea. Martín, D., Nicolaus, J., y Ostrowski, C. (2004). *Metodología general del entrenamiento infantil y juvenil*. Barcelona: Paidotribo. Martínez, P. (1996). *Desarrollo de la resistencia en el niño*. Barcelona: INDE. Medina Jiménez, E. (2003). *Actividad física y salud integral*. Barcelona: Paidotribo. O'Sullivan, M., y MacPhail, A. (2010). *Young people's voices in physical education and youth sport*. Nueva York: Routledge. Oña, A. (2005). *Actividad física y desarrollo. Ejercicio físico desde el nacimiento*. Sevilla: Wanceulen. Otero Saborido, F. M. (2010). *Proyecto globalizador en un centro educativo: educación física interdisciplinar, juegos olímpicos en la antigua Grecia*. Tándem. *Didáctica de la Educación Física*, -(33), 36-45. Pazos, J. M., y Aragunde, J. L. (2000). *La educación postural*. Barcelona: INDE. Pedraza González, M. A. y Torres García, D. (Coords.) (2005). *Sendas educativas con un carácter globalizador : experiencias*



para educación infantil y primaria. Miño y Dávila. Pérez Pueyo, A., y López Pastor, V. M. (2010). La evaluación en las unidades didácticas de educación física: base legal, análisis de tópicos y ejemplificación. *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, -(33), 109-120. Pikler, E. (2000). *Moverse en libertad. Desarrollo de la motricidad global*. Riera Riera, J. (2005). *Habilidades en el deporte*. Barcelona: INDE. Rodríguez García, P. L. (2006). *Educación Física y salud en primaria*. Barcelona: INDE. Ruíz, L. M. (2001). *Desarrollo, comportamiento motor y deporte*. Madrid: Síntesis. Ruíz Pérez, L. M., y Graupera, J. L. (2011). *Práctica, aprendizaje y educación física: un viejo tema con nuevas variaciones*. *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, -(36), 7-16. Sánchez Bañuelos, F. (2002). *Didáctica de la Educación Física*. Madrid: Pearson Educación. Serra, L., Roman, B., y Aranceta, J. (2006). *Actividad física y salud*. Estudio en Kid. Barcelona: Masson. Silviva (2021). *La escuela a cielo abierto. La travesía*. Sevilla: Toro, J. (1996). *El cuerpo como delito*. Barcelona: Ariel. Vázquez, P., Balagué, N., y Hristovski, R. (2011). *Creatividad o aprendizaje en la educación física escolar: ¿por dónde empezamos?* *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, -(36), 36-43. Velázquez Buendía, R. (2011). *El modelo comprensivo de la enseñanza deportiva*. *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, -(37), 7-19. VVAA. (2011a). *El diseño de contextos de enseñanza-aprendizaje para el desarrollo de la motricidad*. *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, -(36), 27-35. VVAA. (2011b). *Lo que los deportes enseñan cuando se aprenden los deportes*. *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, -(36), 17-26. Wheaton, B. (2004). *Understanding lifestyle sport. Consumption, identity and difference*. Nueva York: Routledge. Whitehead, M. (2010). *Physical literacy. Throughout the lifecourse*. Nueva York: Routledge. Wright, J., y Macdonald, D. (2010). *Young people, physical activity and the everyday*. Nueva York: Routledge. Zimmerman, F. J. y Bell, J. F. (2010). *Associations of television content type and obesity in children*. *American Journal of Public Health*, 100(2), 334-340. Esta bibliografía podrá ser complementada en el transcurso de la materia.





Complementary

## Recommendations

### Subjects that it is recommended to have taken before

Curriculum Design and Development in Physical Education/652G02014

Fine Motor Games/652G02025

Physical Expression and Curriculum Adaptations/652G02026

### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

### Subjects that continue the syllabus

Introduction to Sports/652G02036

Physical Education and Leisure /652G02035

### Other comments

No caso de que se solicite entregar algún traballo impreso, teranse en conta as seguintes recomendacións: non utilizar plásticos, elixir impresión a dobre cara e empregar papel reciclado. Na medida do posible, evitar a impresión de borradores. .

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.